

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2014.

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DATA: 10 de febreiro do 2014.

HORA DE COMEZO: 20:15 h.

HORA DE REMATE: 20:40 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos

AUSENTES: D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Fede Fernández.

SUPLENTE: D. Francisco Javier Soliño Soliño e D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 3 DE FEBREIRO DO 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 3 de febreiro do 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 6 DE FEBREIRO DO 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.764.- A Ruth Pérez Coya e Andrés Carrasco Pampillón, con enderezo en Alexandre Cribeiro 2 - 2o D - Cangas, para construír unha vivenda unifamiliar de 117,75 m² de semisoto, 125,55 de planta baixa e 83,55 de primeiro andar, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 9, en Santa Marta - Darbo, de conformidade co proxecto do 9 de setembro de 2013. Antes do comezo das obras debe presentar o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e formalizar arVte o catastro a modificación que formula a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro, efectuada con data do 4 de febreiro de 2014.

Simultaneamente á edificación, deberá complementar a urbanización da fronte da parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de 300,00 euros.

EXPEDIENTE Nº 24.863.- A Raúl Corrales Marcos, con enderezo en La Habana 21 - 3o A - 36500 Lalin, para construír unha vivenda unifamiliar de 112,20 m² de soto, 155,13 de planta baixa e 118,50 de primeiro andar, en Rodeira - Coiro, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, de conformidade co proxecto de novembro de 2013. Antes do comezo das obras debe presentar o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e formalizar ante o catastro a modificación que formula a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro, efectuada con data do 5 de febreiro de 2014.

Simultaneamente á edificación, deberá complementar a urbanización da fronte da parcela aceptándosele o aval en garantía desta por importe de 710,39 euros.

2.A.2) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.222.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PEDIDA POR FRANCISCO JAVIER SANTOS FERNÁNDEZ.- A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal con data do 29 de xaneiro de 2014, acordou outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a Francisco Javier Santos Fernández, con enderezo en Castrillón 9 E - Coiro, para a vivenda sita en Trigas - Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 20.618.

EXPEDIENTE Nº 23.826.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PEDIDA POR HUMBERTO MARTÍNEZ GARGAMALA.- A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta da oficina de rehabilitación con data do 5 de febreiro de 2014, acordou outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a Humberto Martínez Gargamala, con enderezo en avda. de Marin 11 2o H - Cangas, para a vivenda sita en Eugenio Sequeiros 24 - Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 22.840.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.872.- A José Carlos Gallego Garcia, con enderezo en Arrecife 8 - 4o F Cangas, para repoñer o material de cubrición en 61,36 m2 en Berbetaña 24 - Cangas, de conformidade co estudo técnico de xaneiro de 2014.

Non obstante, deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan especial de protección e reforma interior do casco antigo de Cangas (BOP do 28-6-2000) que dispon: "en todo o conxunto edificado do casco histórico recorriéndose a utilización de contraventás interiores de madeira nos ocos das fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ao exterior de persianas plásticas ou doutros materiais e tampouco se poden instalar capialzados exteriores para aloxar persianas que se enrolen ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ao interior persianas venecianas ou que - se enrolen de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará coa do armazón da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarias".

Tamén deberá cumprir o establecido no artigo 38 do PEPRI: "non se admite a colocación en fachadas de antenas, contadores, tendáis unidos e outros elementos que poidan ser aloxados en partes non visibles da edificación".

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE Nº 1.712.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO, PEDIDA POR MARÍA LUÍSA ESTREMADO MÉNDEZ.- A Xunta de Goberno Local acordou quedar informada do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura do establecemento sito en avda. de Marin 13 - Galerías, dedicado á venda de artigos de regalo e adorno, que ata a o momento rexentaba Eva Maria Álvarez Ñores e que a partir desta data pasa a Maria Luisa Estremado Méndez e a dedicarse a mercería.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

3º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/VARIACIÓNS NO SERVIZO MUNICIPAL DE XANTAR NA CASA.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 6.2.14, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Xantar na Casa, que di:

"En relación ó Servizo Municipal de Xantar na Casa, achégase proposta correspondente para:

** Dar de alta no servizo a D. M. Labraña Roselló co expediente núm.: 36008/02/000274."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

4º.- DAR CONTA DE SINATURA DE PRÓRROGA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE CANGAS, PARA O COMPARTIMENTO DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DO SIGAD.

Dase conta de sinatura o día 16.12.13 da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Cangas, para o compartimento dos sistemas de información do SISTEMA GALEGO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (SIGAD).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada da sinatura da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Cangas, para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo xunto con copia do convenio á Oficina de Intervención e ao Centro Municipal de Benestar Social.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/VARIACIÓNS NA TITULARIDADE DE POSTOS DE VENDA DE PEIXE DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

5.A) DAR CONTA DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 2 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (V-13/034)

Dase conta de proposta de data 6.2.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización da transmisión do posto de venda de peixe nº 2 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 2 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANTECEDENTES:

I.- Por escrito de data de rexistro de entrada 30 de decembro de 2013, M^a Carmen Germade Portela, con DNI nº 78738342-G, dá conta da intención da súa nai, Carmen Portela Rodríguez, con DNI nº 35908985-M, de transmitir o posto de peixe nº 2 do Mercado Municipal do que é titular.

II.- Por escrito de rexistro de entrada 06/02/2014, Carmen Portela Rodríguez e M^a Carmen Germade Portela, con DNI nº 78738342-G, manifestan a súa intención de transmitir e adquirir, respectivamente, a concesión sobre o posto de venda de peixe nº 2 da praza de abastos, por concorrer a circunstancia prevista no artigo 31.3.a do Regulamento do Mercado de Abastos de Cangas (parentesco dentro do 3º grao) e solicitan a autorización municipal requirida polo artigo 31 para a transmisión. As interesadas sinalan como enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 101-Baixo E de Cangas.

III.- Aos escritos anteriores achegan a documentación xustificativa do parentesco, copia dos DNIs de transmitente a adquirente, alta da adquirente na Seguridade Social e xustificante do ingreso da taxa por transmisión do posto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula a transmisión dos postos nos artigos 30 e seguintes. En concreto o artigo 30 establece: "A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión". O artigo 31, entre os supostos admitidos de transmisión establece no seu apartado 3.a) o suposto de transmisión inter vivos a favor de parentes ata o 3º grao.

A continuación o citado artigo dispón que; "No suposto terceiro de transmisión inter vivos, deberá comunicarse ao concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ó concello, onde o transmitinte e o que pretendan

adquirir manifesten que teñen a intención de transmitilo e que acrediten se se dan algunha das circunstancias que xustifican a transmisión inter vivos. Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, se entende que o concesionario é o anterior a autorización municipal a todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello, no prazo indicado, adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto, no suposto terceiro de transmisión inter vivos."

Respecto da autorización municipal o artigo 33 dispón que: "(...) Calquera transmisión ou gravame require da autorización previa nos termos previstos no artigo 31 e 32.

Se se leva a cabo sen autorización previa determina a extinción sen dereito a indemnización."

SEGUNDO.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega resulta que estamos ante un suposto de transmisión dos postos na praza permitido no regulamento, en concreto no suposto de transmisión inter vivos por parentesco dentro do 3º grao, condición esta que se acredita eos documentos achegados xunto coa solicitude de autorización.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para autorizar a transmisión de postos no mercado, segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento, polo que de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.

CUARTO.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos os dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da condición de concesionario do posto nº 2 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que é titular Carmen Portela Rodríguez, con DNI nº 35908985-M, a favor de Mª Carmen Germade Portela, con DNI 78738342-G, debendo comunicar ao concello, no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización, que a transmisión se realizou e condicionada ao previo pago das taxas establecidas pola transmisión.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización da transmisión do posto de venda de peixe nº 2 do Mercado Municipal de Abastos.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

6º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

6.A) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 106/2012 DE 08/05/2012 RESOLUTORIA DO PO 370/2011.

Examinada a proposta da Alcaldía do día 5.2.14, referente ao cumprimento da Sentenza nº 106/2012, resolutoria do procedemento ordinario nº 370/2011, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 106/2012 DE 08/05/2012 RESOLUTORIA DO P.O. Nº 370/2011 (EXP. X-11/49)

Vista a Sentenza nº 106/12 do día 08/05/2012 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, pola que, se resolveu o procedemento ordinario 370/2011 instruído a instancia de 'Helioxcom, S.L.', que no seu fallo condena a este concello ao pago de SETENTA MIL SEISCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (70.667,56 €) mailos xuros moratorios que correspondan conforme ao determinado no fundamento xurídico terceiro da resolución citada que establece a súa procedencia, de acordo co establecido no artigo 200.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Visto que por acordo de Xunta de Goberno Local do día 10 de decembro de 2012, foron obxecto de recoñecemento os xuros devindicados ata o 31/12/2012, por importe de DOCE MIL CENTO VINTE E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (12.123,85 €).

Visto que pola representación da mercantil mencionada se aceptou o cobro do principal adebedado a través do mecanismo establecido no Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.

Visto que esta débeda, dentro do marco establecido polo Real decreto lei citado, foi satisfeita o 10/12/2013 e que o artigo 6 do Real decreto lei citado establece que: 'o aboamento a favor do provedor supón a extinción da débeda contraída pola comunidade autónoma ou entidade local, segundo o corresponda, co provedor polo principal, os xuros, custos xudiciais e calesquera outros gastos accesorios'.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Dar de baixa na contabilidade municipal a obriga por importe de DOCE MIL CIENTO VINTE E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (12.123,85 €) en concepto de xuros pendentes de aboamento a favor de 'HELIOXCOM, S.L.', (CIF Nº B-36921955) que foran recoñecidos por acordo de Xunta de Goberno Local do día 10 de decembro de 2012.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente ao cumprimento da Sentenza nº 106/2012, resolutoria do procedemento ordinario nº 370/2011.

6.B) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 239/2013 DO DÍA 23/09/2013 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 164/2012 (INICIALMENTE P.O. Nº 164/2012).

Examinada a proposta da Alcaldía do día 6.2.14, referente á Sentenza nº 239/2013 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 164/2012, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 239/2013 DO DÍA 23/09/2013 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 164/2012 (INICIALMENTE P.O. Nº 164/2012) (X-12/23).

Visto o contido da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra nº 239/2013 de data 23/09/2013, ditada no procedemento abreviado nº 164/2012 (inicialmente P.O. nº 164/2012) instruído a instancia da mercantil 'PAVESTONE, S.L.', da que se deu conta á Xunta de Goberno Local do 14/10/2013 para efectos do seu posible recurso e á Xunta de Goberno Local para dar conta da súa firmeza.

Visto que con rexistro de entrada nº 12 803 de 06/11/2013 por David Fernández Sanromán e Pedro Fernández Sanromán, en calidade de administradores mancomunados da sociedade 'PAVESTONE, S.L.', reclaman, en síntese, o aboamento das facturas obxecto do procedemento citado, así como, os xuros moratorios devindicados por estas.

Visto que por acordo de Xunta de Goberno Local de data 18/11/2013, acordouse recoñecer o principal das obrigas mencionadas diferindo o recoñecemento dos xuros derivados das citadas obrigas á concreción do pago efectivo e que este se concretaría na operación de compensación á que se fai referencia pola representación de PAVESTONE, S.L. no escrito antes citado.

Visto o disposto nos artigos 5 e 7 da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Recoñecer a favor de 'PAVESTONE, S.L.', con CIF nº B-36770550, as obrigas por importe de:

- SETE MIL NOVECENTOS OITENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (7.981,55 €) en concepto de xuros moratorios devindicados con orixe na factura nº PO 1/138.*

- DOUS MIL DOUSCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.224,82 €) en concepto de xuros moratorios devindicados con orixe na factura nº PO 1/176.*

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente á Sentenza nº 239/2013 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 164/2012.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade

cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
FRANCISCO JAVIER GARCÍA FERNÁNDEZ DNI Nº 36 015 010-T	Camiño do Outeiro, nº 18-B- Erbello-Aldán.	Camiño do Outeiro, nº 18-B- Erbello-Aldán.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente